



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2020/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente Motivo: «Subsanación do acordo subvención do IDAE»
Data	20 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 18:30 ata as 19:05 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	SÍ
***9424**	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
***0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	SÍ
***3896**	IRIA VILLAR RODAL	SÍ
***8548**	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
***1907**	LAURA VERDE CURRA	SÍ
***0756**	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
***3512**	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ





Concello de Cangas

***1129**	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
***3449**	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
***1859**	RAFAEL JIMÉNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
***3514**	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
***3439**	ROSA MARY DE LA CAMPA PORTELA	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***3926**	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
***3661**	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Pronunciamento do Pleno Sobre Urgencia da Sesión

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 0

En cumprimento do disposto no artigo 33.6 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Cangas, o Sr. alcalde somete a votación a urxencia da sesión sendo esta aprobada por maioría simple.

Intervencións:

Sr. alcalde: expón que a urxencia é debida dado que o día 23 de xaneiro remata o prazo para subsanación. Sinala que levan días comunicándose co IDAE para ver se se podía retrasar a realización do Pleno pero ante as dúbidas suscitadas considera preciso realizar o Pleno.

VOTACIÓN:

Votos a favor: 11 (ACE, PSOE e AVANTE).

Abstencións: 9 (6 PP e 3 BNG).

Expediente 6700/2019. Proposta da alcaldía s/modificación do punto segundo do acordo do IDAE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

ACTA DO PLENO

Numero: 2020-0001 Data: 21/04/2020



Cod. Validación: C3MSR4PC6A6WR5QR04JLZFRZ | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 12, Ausentes: 0

Dase conta de proposta da alcaldía de data 17.01.2019, referente á participación do Concello de Cangas na convocatoria do IDAE, para subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o requerimento de subsanación remitido polo IDAE en data 8 de xaneiro de 2020 no que sinala literalmente:

'Documento 3. - Certificado de disposición de crédito suficiente para llevar a cabo las actuaciones planteadas o compromiso de habilitar crédito emitido por la intervención de la entidad local o unidad administrativa que ejerza sus funciones.

Se solicita certificado emitido por el interventor o unidad administrativa que ejerza sus funciones, de habilitar crédito suficiente para financiar el proyecto o compromiso del Pleno Municipal de habilitarlo, mientras que en la documentación adjuntada no se certifica la aprobación para la totalidad de la actuación (la cuantía a comprometer debe corresponderse con la totalidad del importe del proyecto presentado para el caso en el que el mismo resulte seleccionado en esta convocatoria y no únicamente para el porcentaje de cofinanciación que le corresponde al Ayuntamiento) (ver apartado 4.b9 del artículo 12 del Real Decreto 616/2017, de 16 de junio).

Documento 4. - Certificación acreditativa de la resolución o acuerdo del órgano de gobierno o de representación competente de la entidad solicitante.

La cuantía a comprometer debe corresponderse con la totalidad del importe del proyecto presentado para el caso en el que el mismo resulte seleccionado en esta convocatoria y no únicamente para el porcentaje de cofinanciación que le corresponde al ayuntamiento'.

Considerando o prazo de 15 días naturais para a subsanación, outorgado polo IDAE, de conformidade co establecido no apartado noveno 8 das bases do programa.

Tendo en conta que o acordo plenario de data 26 de novembro de 2019 establecía no referente a esta cuestión o seguinte:

'SEGUNDO.- Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable consistente en 'Renovación de instalacións de iluminación pública exterior no Concello de Cangas', descritas na memoria cun orzamento de tres millóns trescentos sesenta mil euros (3.360.000,00 €), asumindo o compromiso de habilitar crédito suficiente seiscentos setenta e dous mil euros (672.000,00 €), nos orzamentos municipais para financiar as actuacións presentadas, condicionado o compromiso á obtención do cofinanciamento FEDER para levalas a cabo'.

Resulta preciso polo tanto modificar o devandito acordo, no prazo anteriormente sinalado, no sentido de asumir o compromiso pola totalidade do proxecto, de xeito que a redación do punto segundo quedaría nos seguintes termos:

'SEGUNDO.- Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable





consistente en 'Renovación de instalacións de iluminación pública exterior no Concello de Cangas', descritas na memoria cun orzamento de tres millóns trescentos sesenta mil euros (3.360.000,00 €), asumindo o compromiso de habilitar crédito suficiente- **tres millóns trescentos sesenta mil euros (3.360.000,00 €)**, nos orzamentos municipais para financiar as actuacións presentadas, condicionado o compromiso á obtención do cofinanciamento FEDER para levalas a cabo'.

A vista do exposto propónse o Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Modificar o punto segundo do acordo plenario de data 26 de novembro de 2019 quedando redactado nos seguintes termos:

'**SEGUNDO.-** Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable consistente en 'Renovación de instalacións de iluminación pública exterior no Concello de Cangas', descritas na memoria cun orzamento de tres millóns trescentos sesenta mil euros (3.360.000,00 €), asumindo o compromiso de habilitar crédito suficiente **tres millóns trescentos sesenta mil euros (3.360.000,00 €)**, nos orzamentos municipais para financiar as actuacións presentadas, condicionado ao compromiso á obtención do cofinanciamento FEDER para levalas a cabo'.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo, xunto co resto da documentación esixida ao IDAE, co fin de poder continuar a tramitación do expediente".

Intervencións:

Sr. alcalde: xustifica o horario e expón a proposta de acordo.

Sra. Vizoso Marcos: sinala que xa no acordo plenario de novembro se trouxo por urxencia e que isto é unha manifestación máis de que se actúa de xeito precipitado, sen informes de intervención e que por iso votarán abstención. Finalmente pregunta polos orzamentos, e en que partida se vai a consignar o importe desta subvención.

Sra. Giráldez Santos: expón que se está a actuar de xeito improvisado, lamenta que non se acompañe un informe de intervención sinalando cal é a repercusión no orzamento municipal da subvención.

Sra. Hermelo Piñeiro: sinala que habendo recibido o requirimento o 8 de xaneiro non entende a demora na celebración do Pleno e tampouco comprende a inexistencia de documentación no expediente máis alo da proposta de alcaldía.

Sr. Abalo Costa: sinala que prosigue o expediente de forma favorable e considera que o informe de intervención é posterior.

Sr. alcalde: comenta que, recibido o día 8 o escrito, desde Alcaldía e Secretaría se considerou que se se tiñan as garantías suficientes para realizar a subsanación posteriormente non era necesario celebrar o pleno de xeito extraordinario e urxente, pero ante as dúbidas plantexadas decidiuse facer este pleno. Resalta que en todo caso a habilitación de crédito está condicionado a obtención da subvención e a correspondente xeración de crédito.

Sra. Vizoso Marcos: expón que o seu grupo nunca obtivo a cantidade exacta recollida no





acordo plenario de novembro, considera preciso que se aclare a incidencia orzamentaria da subvención.

Sra. Giráldez Santos: solicita que o Interventor lle traslade un informe por escrito, e considera que esta modificación varía claramente o anterior o habilitar unha cantidade moi superior.

Sra. Hermelo Piñeiro: pregunta se xa existe ese informe de intervención e se tal é o caso porque non se recolle no expediente e reprocha ao Sr Abalo a actuación improvisada con documentación rigurosa.

Sr. Abalo Costa: expón que é preciso acompañar o certificado do interventor que se presentará coa subsanación.

Sr. alcalde: expón que o acordo sinala que hai que dispor de toda a cantidade pero sempre condicionado a obtención da subvención pero que a cantidade do Concello é a mesma e que loxicamente unha errónea tramitación implicaría que o Concello se tería que facer cargo da totalidade do importe da actuación.

Sra. Vizoso Marcos: expón que se trata dunha cuestión de gran calado e sorpréndelle a falta de responsabilidade do Alcalde.

Sra. Giráldez Santos: sinala que o longo do debate surxiron varias cuestións que deberían ser respostadas ante unha subvención tan importante e que pedir o voto favorable cando no expediente non aparecen os informes pertinentes non é a forma de actuar, o considera unha situación grave.

Sra. Hermelo Piñeiro: expón que non considera serio presentar este expediente sen informe de intervención e por iso o PP se vai abster.

Sr. Abalo Costa: expón que o importante é o compromiso de habilitar crédito por parte do Pleno, de xeito que o informe de intervención virá determinado polo acordo plenario.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 8 (4 concelleiros/concelleiras de ACE e 4 concelleiros/concelleiras do PSOE).

Abstencións: 12 (6 concelleiros/concelleiras do PP, 3 concelleiros/concelleiras do BNG e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Polo tanto, o Concello Pleno, por maioría dos seus membros presentes acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos.





Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai intervencións.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2020-0001 Data: 21/04/2020



Cod. Validación: C3MSR4PC6A6WR5QR04AJLZFRZ | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850